



# EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

**CURSO 2021 - 2022**

## **Compoñentes:**

O Equipo de Dinamización Lingüística no presente curso está formado polos seguintes membros:

- Ana Anido Pereira.
- Francisco José Rodríguez Filgueiras.
- Mari Carmen Fernández Pardiñas.
- Sandra Mariño Villar.
- Laura Fonseca Freire.
- Myrian Rodríguez Moreiras (coordinadora).
- Miguel A. Paredes Mallo (como persoal non docente).

## **Reunións:**

O equipo reunirse con carácter ordinario o primeiro luns de cada mes, e con carácter extraordinario sempre que as circunstancias así o determinen.

## **Obxectivos:**

- b. Acadar unha axeitada competencia en Lingua Galega.
- Promover o uso do galego en todas as actividades do centro.
- Empregar a Lingua Galega nos diferentes documentos do centro.
- Difundir na comunidade escolar toda a información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos que poidan contribuir a unha mellora da docencia.
- Contribuír a prestixiar a Lingua Galega.
- Alentar a participación en concursos e actividades que teñan como fin promover a nosa lingua.
- Estimular a lectura en lingua galega e de autores galegos, facendo suxestións para a utilización dos recursos da biblioteca escolar (colaborando nas actividades programadas polo equipo da biblioteca) e para a adquisición de novos fondos.
- Ghegar á adquisición dos obxectivos plantexados utilizando as TIC, dando a coñecer tanto medios audiovisuais como informáticos.
- Estudar diferentes aspectos da realidade galega, máis concretamente do seu entorno próximo.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade en ambas as dúas linguas.

## **Actividades:**

- Colaboración co equipo de biblioteca e de TICs á hora de coñecer e divulgar materiais en lingua galega.
- Colaboración co equipo de actividades complementarias e extraescolares na celebración das diferentes conmemoracións (Magosto, Samaín, Nadal ...) nas que tamén colaborarán as familias do alumnado.
- Xornadas culturais con diversas actividades en torno a datas de interese e conmemoracións, coma o día da lingua materna, día de Rosalía de Castro ou o día das Letras Galegas (aproximación á vida e obras do /a autor/a homenaxeado/a, actuacións, etc.).
- Colaborar nas actividades de dinamización Lingüística do Concello de Carballo, potenciando a participación do alumnado, e con calquera outra actividade promovida durante o curso pola Xunta de Galicia ou calquera outro organismo.
- Divulgación na comunidade escolar sobre as novidades e recursos que permitan unha mellor competencia no ámbito lingüístico.
- Actividades tipo: recollida de refráns tradicionais polo magosto, concursos de poesía, de relatos curtos...

Nétoma-Razo, a setembro de 2021